

**Obxecto:** Informe á Resposta do promotor ao informe da DXPC do 03.02.2022 sobre o EIA e PS  
**Proxecto:** Parque eólico Zamorra  
**Localización:** Agolada (Pontevedra)  
**Promotor :** Green Capital Power, S.L.  
**Remitente:** Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación  
**S/clave:** IN408A 2019/21  
**Data rexistro:** 05.09.2022  
**Expediente :** 03.I.601.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3020/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 05.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 03.02.2022 en relación aos documentos: *Estudio de Impacto Ambiental PE Zamorra, octubre 2020, Proyecto Sectorial PE Zamorra, marzo 2021 e Proyecto de Ejecución PE Zamorra, agosto 2021* no termo municipal de Agolada (Pontevedra).

A tales efectos achégase o enlace para descargar os documentos *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Zamorra (Agosto 2022)* e *Análise visual. Igrexa de Berredo*.

#### ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral os seguintes antecedentes:

- *Documento de inicio do Parque Eólico Zamorra, Agolada. Pontevedra (Abril 2020)*, informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, o 14.07.2020.
- *Parque Eólico Zamorra. Agolada. Pontevedra. Estudo de impacto ambiental (Outubro de 2020) e Proxecto Sectorial Parque Eólico Zamorra (Marzo 2021)*, informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 03.02.2022. No dito informe, establece a necesidade de que se achegue nova documentación co obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, tendo en conta as seguintes consideracións:
  - *A Mámoa de Berredo GA 36020021 "versus" Mámoa de Berredo 2 GA 36020317, considerarase que soamente hai un xacemento, localizado nas coordenadas do elemento denominado Mámoa de Berredo 2 GA 36020317, identificado como inédito polo arqueólogo.*
  - *Revisarase en campo a presenza de posibles bens arqueolóxicos nas seguintes seguintes coordenadas (ETRS89/UTM F-29):*
    - *Elemento 1: X-578880 e Y-4741602,*
    - *Elemento 2 X-578550 e Y-4741481,*
    - *Elemento 3 X-578580 e Y-4741458.*
    - *Elemento 4: X: 580303 e Y: 4739914.*
  - *No caso de confirmarse a presenza de novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre eles, estableceranse as medidas correctoras oportunas e aportarase ficha individualizada con descritiva en detalle.*
  - *Deberase aclarar a localización da Mámoa de Martiña GA 36020023 e o Petróglifo de Pena das Cruces GA 36020045, tendo en conta as coordenadas (ETRS89/UTM F-29) X-577958 e Y- 4741262 para a primeira e as coordenadas X-580096 e Y- 4740232 para o segundo.*
  - *Avaliarase correctamente o impacto que a implantación da infraestrutura eólica ten sobre a Mámoa de Buxel GA 36020214, as Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas GA 36020025, a Mámoa da Ponte da Vila 1 GA 36020022, a Mámoa da Ponte da Vila 2 GA 36020170, a Mámoa da Ponte da Vila 3 GA 36020171, a Mámoa da Ponte da Vila 4 GA 36020172, a Mámoa da Ponte da Vila 5 GA 36020173 e a Mámoa da Ponte da Vila 6 GA 36020174 tendo en conta que non ven afectada a súa área de cautela pola gabiá de cableado senón polas obras de acondicionamento do viario de acceso aos aeróxeradores ZA-06 e ZA-07.*
  - *Deberase aclarar si a traza proposta no Punto Crítico nº 34 (apartado 3. del Anexo 12. Estudio de*





viabilidade para el transporte de máquinas dentro do Proxecto de Execución do PE Zamorra (agosto 2021), á altura da Mámoa de Buxel **GA 36020214** e das Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas **GA 36020025**, é correcta ou incorrecta. No caso de ser incorrecta, presentarase un estudio de viabilidade coa proposta axeitada.

- A Mámoa da Ponte da Vila 5 **GA 36020173** avaliarase tendo en conta a localización nas fichas orixinais de ano 1989. De confirmarse a presenza dunha mámoa nas coordenadas X-580.239 e Y-4.740.291, considerarase un novo elemento arqueolóxico.

- A avaliación de impacto debe ter en conta tódolos bens arqueolóxicos que se atopen dentro da poligonal, considerando esta como área afectada pola implantación do parque eólico. En todo caso, avaliarase o Castro de Buxel **GA 36020033** e o Castro de Artoño **GA 36020312**, bens arqueolóxicos a menos de 200m das obras proxectadas.

- Corrixirase a localización, a denominación e se é o caso a categoría do topónimo Casa Grande do Castro TO 36020002. Neste senso, terase en conta os mapas de pendentes e os sombreados LiDAR.

- Ao obxecto de actualizar o Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos e así dar cumprimento ao artigo 10.3. do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997), elaborárase ficha individualizada con descrición de detalle e a documentación gráfica necesaria para que quede constancia do **estado actual** dos bens afectados pola infraestrutura eólica.

- Aportarase un estudo específico da afección visual desde a **Igrexa de Santa María de Berredo**, tal como se requiriu no informe da Dirección Xeral de Patrimonio cultural do 14.07.2020.

Deberá realizarse unha análise detallada dos puntos en que poidan ser visibles as infraestruturas desde a igrexa e, en especial, desde a súa ábsida. Desde estes puntos, nos que exista un maior impacto visual, deberán realizarse unha serie de recreacións, baseadas en fotografías obtidas in situ, nas que se vexa a edificación, mirando cara ao parque, sobre as que se montarán, a escala, as infografías dos aeroxeradores, que deberán verse de xeito nítido sobre o horizonte, sempre elixindo os máis próximos ou que poidan provocar unha maior afección, para poder avaliar o antedito impacto de xeito adecuado.

- En relación co acceso aos aeroxeradores ZA01, ZA02, ZA03, deberá definirse e avaliar o impacto das obras no contorno de protección do elemento catalogado (**Casa de Castro ou Casa Grande da Baíña**). Esta documentación deberá conter fotografías da zona afectada e planimetría de detalle acoutada, con seccións transversais nas que se represente o elemento catalogado en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a integración das obras no contorno de protección afectado.

De todas formas, cómpre sinalar que como medida correctora para compatibilizar as obras deberá proporse o desprazamento da rectificación da curva o máximo posible cara ao leste para afastarse do elemento protexido e afectar o menos posible ao seu contorno de protección.

- A partir da nova documentación a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, elaborará o informe correspondente ao EslA e o PIA.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

### Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:



### Análise da documentación:

A documentación achegada polo promotor o 05.09.2022 ten por obxecto dar resposta aos requirimentos do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 03.02.2022, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, e consta dos dous documentos:

- *Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Zamorra, concello da Golada.*
- *Análise visual. Igrexa de Berredo.*

### **Memoria da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural,:**

- Está asinada en agosto de 2022 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa Zeta Arqueoloxía, realizada en base a unha nova prospección arqueolóxica e vén a substituír á avaliación presentada no Anexo 3-do EIA.
- Segundo este documento o promotor proxecta cambios substanciais na traza do parque eólico:
  - Cámbiase as posicións dos aeroxeradores ZA02, ZA05 e ZA07, a orientación da plataforma do aeroxerador ZA06, así como os viarios de acceso aos mesmos.
  - Modifícase a traza da gabia de cableado que saía do aeroxerador ZA06.
  - Trasládase cara ao Sur, á beira do viario de acceso, a área de amoreamento (prevista inicialmente nas proximidades do centro de seccionamento).
- O parque segue contando cunha potencia total de 31,5 MW e 7 aeroxeradores modelo SG-145 de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, unha torre meteorolóxica e un centro de seccionamento. Tamén se manteñen os accesos previstos desde a estrada PO-840.
- A enerxía xerada no parque evacuarase mediante liña aérea de media tensión (LAMT 30 kV), que non é obxecto deste proxecto, á subestación transformadora (SET) do parque eólico Estivada 30/132 kV. De aí partirá unha liña aérea de alta tensión (LAAT 132 kV), que permitirá a evacuación conxunta de varios parques, cara á SET do parque eólico Turubelo, para continuar cara á SET Colectora Silleda, onde se transformará para a súa chegada ao punto final, SET Silleda 400 kV (REE).
- No apartado 6. *Organización del trabajo* sinálase que para a elaboración deste documento leváronse a cabo as seguintes accións:
  - baleirado de toda a información patrimonial da zona de estudo (Inventario de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Catálogo do planeamento municipal Agolada (NSP 14/05/1987 e PXOM aprobado de maneira inicial en febreiro de 2016), toponimia, Plan Básico Autonómico, bibliografía da zona,...),
  - prospección arqueolóxica con carácter extensivo na poligonal do PE e con carácter intensivo na banda dos 200m onde se van a levar a cabo obras de construción (as posicións dos aeroxeradores, os viarios acondicionados e de nova creación que se constrúan para acceder as obras, a gabia de evacuación, as zonas de amoreamento e o centro de seccionamento).
- No apartado 7. *Elementos del Patrimonio Cultural* indícase que foron identificados no ámbito da poligonal e inmediacións un total de 69 elementos, dos que 35 son de carácter arqueolóxico, 15 de tipo arquitectónico e 19 etnolóxicos, que se reflicten nunha táboa. Inclúense fichas coa descrición, e nos apartados 8. *Evaluación de Impacto* e 9. *Propuesta de medidas correctoras* valórase o impacto e propóñense medidas correctoras para aqueles elementos localizados dentro do ámbito da prospección intensiva (buffer 200 m).
- Trátase dun total de 44 elementos, 31 de carácter arqueolóxico, 6 etnolóxicos e un de carácter arquitectónico, que se detallan a continuación:

| Elemento                               | Axente de impacto                          | Impacto     | Medidas correctoras específicas |
|----------------------------------------|--------------------------------------------|-------------|---------------------------------|
| Mámoa de Berredo<br><b>GA 36020021</b> | Acondicionamento pista asfaltada a 254m SW | Sen impacto |                                 |
| Mámoa das Granxas                      | Novo viario+ Gabia de cableado a 258m ao   | Sen impacto |                                 |



|                                                                 |                                                                                    |            |                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------------------------------------------------------------|
| <b>Túmulo 10 inédito</b>                                        | Sur                                                                                |            |                                                                           |
| Castro de Buxel<br><b>GA 36020033</b>                           | Acondicionamento pista asfaltada a 180m NNE                                        | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Castro do Sino<br><b>GA 36020042</b>                            | Acondicionamento de estrada+ gabia de cableado a 75m W, en PC-28                   | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Pena das Cruces<br><b>GA 36020045</b>                           | Acondicionamento pista asfaltada a 142m Sur                                        | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo da Braña 1<br><b>Túmulo 01 inédito</b>                   | Roza a 137m Sur, en PC-14                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo da Braña 2<br><b>Túmulo 02 inédito</b>                   | Roza a 112m Sur, en PC-14                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo da Braña 3<br><b>Túmulo 03 inédito</b>                   | Roza a 122m Sur, en PC-14                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo de Casas Novas 1<br><b>Túmulo 04 inédito</b>             | Roza a 162m Sur, en PC-16                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo de Casas Novas 2<br><b>Túmulo 05 inédito</b>             | Roza a 194m Sur, en PC-16                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo da Braña 4<br><b>Túmulo 09 inédito</b>                   | Roza a 56m Sur, en PC-14                                                           | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Túmulo do Picoto<br><b>Túmulo 11 inédito</b>                    | Acondicionamento viario forestal a 156m ao NE+ Gabia de cableado ao lado contrario | Compatible | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Petróglifo do Cebolido<br><b>Petróglifo 01 inédito</b>          | Roza a 126m Sur, en PC-24                                                          | Compatible | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Mámoa de Ponte da Vila 1<br><b>GA 36020022</b>                  | Acondicionamento pista asfaltada a 40m NW                                          | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa da Martiña<br><b>GA 36020023</b>                          | Acondicionamento pista asfaltada a 78m N+ gabia de cableado lado contrario         | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo                                            |
| Mámoa de Ponte da Vila 2<br><b>GA 36020170</b>                  | Acondicionamento pista asfaltada a 64m NW                                          | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Ponte da Vila 3<br><b>GA 36020171</b>                  | Acondicionamento pista asfaltada a 109m NW                                         | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Ponte da Vila 4<br><b>GA 36020172</b>                  | Acondicionamento pista asfaltada a 62m NW                                          | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Ponte da Vila 5<br><b>GA 36020173</b>                  | Acondicionamento pista asfaltada a 38m NW                                          | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Castro de Artoño<br><b>GA 36020312</b>                          | Acondicionamento pista asfaltada a 56m N+ gabia de cableado polo lado contrario    | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Ponte da Vila 7<br><b>Túmulo 06 inédito</b>            | Acondicionamento pista asfaltada a 31m SE                                          | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Monte da Costa 1<br><b>Túmulo 07 inédito</b>           | Acondicionamento viario forestal a 108m SW+ Gabia de cableado lado contrario       | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Monte da Costa 2<br><b>Túmulo 08 inédito</b>           | Acondicionamento viario forestal a 124m SW+ Gabia de cableado lado contrario       | Moderado   | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Sepulturas de Buxel/ Necrópole de Penelas<br><b>GA 36020025</b> | Acondicionamento de pista asfaltada a 2m ao N                                      | Severo     | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |



|                                                         |                                                                                                                                       |             |                                                                           |
|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|---------------------------------------------------------------------------|
| Mámoa de Ponte da Vila 6<br><b>GA 36020174</b>          | Acondicionamento de pista asfaltada ao N, inmediata?                                                                                  | Severo      | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Mámoa de Buxel<br><b>GA 36020214</b>                    | Acondicionamento de pista asfaltada a 2m ao Sur                                                                                       | Severo      | Control arqueolóxico intensivo+ sondaxe ou limpeza e rexistro de perfíles |
| Posible Túmulo Coto de Luxilde<br><b>REF 01 inédito</b> | Acondicionamento de pista asfaltada+ gabia de cableado a 240m NW                                                                      | Sen impacto |                                                                           |
| O Castro<br><b>TOP inédito</b>                          | Acondicionamento de pista asfaltada a 360m N, en PC-24                                                                                | Sen impacto |                                                                           |
| O Castrillón<br><b>TOP inédito</b>                      | Acondicionamento de pista asfaltada a 58m ao N                                                                                        | Sen impacto |                                                                           |
| O Castelo<br><b>TOP inédito</b>                         | Acondicionamento de pista asfaltada a 240m ao W                                                                                       | Sen impacto |                                                                           |
| Casa Grande do Castro<br><b>TOP 36020002</b>            | Acondicionamento de pista asfaltada a beira                                                                                           | Sen impacto | Control arqueolóxico intensivo+ acondicionamento polo lado contrario      |
| Casa Martínez Saa                                       | Vial de acceso xeral existente a 120 m ao E                                                                                           | Sen impacto |                                                                           |
| Igrexa de Sangorza                                      | Vial de acceso xeral existente a 159 m ao E                                                                                           | Sen impacto |                                                                           |
| Marco da Braña                                          | Vial de acceso xeral existente a 111 m ao E                                                                                           | Sen impacto |                                                                           |
| Presa 01                                                | Vial de acceso xeral existente a 20 m ao E                                                                                            | Sen impacto |                                                                           |
| Hórreo Os Carrizos 2                                    | Vial de acceso xeral existente a 181 m ao E                                                                                           | Sen impacto |                                                                           |
| Hórreo de Campo Simón                                   | Vial de acceso xeral existente a 91 m ao S                                                                                            | Sen impacto |                                                                           |
| Hórreo Ascontra                                         | Gabia de cableado ao aeroxerador ZA06 a 19 m polo lado oposto da pista existente                                                      | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Hórreo Os Carrizos 01                                   | Acondicionamento de pista asfaltada (actuación PC30) a 19 m ao NW                                                                     | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Muíño 01                                                | Despexe de obstáculos da estrada existente (actuacións PC14 e PC15) no ámbito de protección                                           | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Pontella 01                                             | Despexe de obstáculos da estrada existente (actuacións PC14 e PC15) no ámbito de protección                                           | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Cruceiro 01                                             | Despexe de obstáculos da estrada existente (actuación PC19) no ámbito de protección                                                   | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Cruceiro 02                                             | Sobreancho da estrada asfaltada e soterrado de liña existente (actuación PC29) polo lado oposto do elemento                           | Compatible  | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |
| Casa de Castro                                          | Actuacións na estrada existente para acceso ao aeroxerador ZA04 (modificación do radio de curva) e gabia de cableado polo lado oposto | Moderado    | Control arqueolóxico intensivo no ámbito de protección                    |

Como medida correctora xenérica propónse neste documento:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, especialmente na fase de replanteo e remoción de terras.

E como medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto da obra:



- Comunicación ao equipo encargado do emprazamento, tanto das posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto, en previsión de achados.
- Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
- Inclusión nos planos dos responsables de obra dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
- Rexistro exhaustivo e conservación, na medida do posible, dos valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que podan verse afectados de forma directa.
- Balizado dos posibles elementos que aparezan durante toda a fase das obras, con sinalización destes e das súas cautelas na planimetría de obra e prohibición de remocións non controladas nos seus arredores, restrición das obras ao proxectado e control e seguimento das remocións de terras.

Asemade, indícase que se terán en conta todas as medidas propostas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 03.02.2022.

Finalmente sinálase que foron comprobadas en campo as catro anomalías topográficas recollidas no informe da DXPC e conclúese que os elementos 1, 2 e 3 son formacións naturais non antrópicas e o Elemento 4 é un posible túmulo prehistórico, recollido como Referencia 01 Posible *Túmulo de Coto Luxilde*.

A presente Memoria sinala expresamente que non inclúe a análise dos accesos exteriores, xa que aínda non están definidas as actuacións e que estes resultados quedan pendentes para un documento refundido final, que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o seu informe de forma previa ao inicio das obras do proxecto.

Respecto á afección sobre a Casa do Castro, o documento inclúe fotografías da zona onde se actuará na estrada existente para conseguir un radio de curva axeitado, planimetría de detalle acoutada da actuación, con seccións transversais nas que se representa o elemento catalogado en relación coa obra proxectada.

### **Análise visual. Igrexa de Berredo:**

Este documento contén un estudo da conca visual do entorno do proxecto, simulacións fotográficas que reflicten a percepción dos aeroxeradores máis próximos desde a igrexa, así como perfís de incidencia visual das máquinas desde a súa ábsida románica e desde o adro. Neste documento sinálase que os aeroxeradores ZA01, ZA02, ZA03 e ZA04 non serán visibles debido maioritariamente á vexetación e construcións existentes. No caso dos aeroxeradores ZA05 e ZA07, veranse parcialmente, mentres que o impacto visual máis importante producirase, respecto da máquina ZA06, situada no alto do Monte da Costa a uns 830 m do elemento.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que se ven afectados polas obras de implantación do parque eólico e que son identificados na *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural*, achegada o 05.09.2022, onde se avalía o seu impacto e se establecen medidas correctoras, e que modifica a incluída do Anexo 3 do estudo de impacto ambiental.
- Esta documentación dá resposta ás consideracións feitas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 03.02.2022.
- Para acceder aos aeroxeradores ZA-06 e ZA-07 empregárase unha pista asfaltada, que necesitará certas obras de acondicionamento. Segundo os datos actuais estas obras afectan ao contorno de





protección da Necrópole de Ponte da Vila<sup>1</sup> e do conxunto de Buxel<sup>2</sup>. Dos 9 xacementos que conforman estes dous conxuntos, a *Mámoa de Ponte da Vila 6* **GA 36020174**, a *Mámoa de Buxel* **GA 36020214** e os *Sartegos de Buxel* **GA 3602025** poderían sufrir impactos críticos, pois non se coñece a extensión e natureza destes xacementos, localizados a beira do viario. Neste senso hai que sinalar que o estudo patrimonial recolle medidas correctoras específicas para o lugar, como a realización de sondaxes ou limpeza e rexistro de perfiles, pero debemos ter en conta que estas intervencións arqueolóxicas teñen unha alta probabilidade de confirmar a presenza de restos arqueolóxicos, que chegado o momento poderían a impedir o uso desta pista como viario de acceso.

- Polo que atinxe ao resto das medidas correctoras propostas para corrixir o impacto que o proxecto xera sobre os elementos arqueolóxicos documentados hai que sinalar que se consideran axeitadas.
- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. Neste senso debemos recordar que, se finalmente se constrúe o aeroxerador ZA-06, os contornos de protección dos novos túmulos *Monte da Costa 1* e *Monte da Costa 2* quedarán parcialmente dentro de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado a área de afección do devandito aeroxerador.
- A natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, fai que non se poida desbotar a existencia de bens ou restos de interese arqueolóxico non detectados ate o de agora.
- O estudo patrimonial presentado polo promotor analiza unha **nova alternativa** con respecto ao proxecto proposto e remitido inicialmente<sup>3</sup> nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental PE Zamorra, outubro 2020*, *Proyecto Sectorial PE Zamorra, marzo 2021* e *Proyecto de Ejecución PE Zamorra, agosto 2021*. Neste senso débese lembrar que o estudo patrimonial é un elemento máis dentro dos devanditos documentos e que será necesario que a traza estudada se transmita e se reflicta neles.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, emite o seguinte

#### INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, informo **favorable** os documentos *Parque Eólico Zamorra. Agolada. Pontevedra. Estudio de impacto ambiental (Outubro de 2020)* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Zamorra (Marzo 2021)*, coa nova proposta de deseño reflectida na *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural*, remitida o 05.09.2022, e as medidas correctoras propostas nela, coa excepción do viario de acceso aos aeroxeradores ZA-06 e ZA-07 que discorre pola Necrópole de Ponte da Vila e do conxunto de Buxel.

- Para acceder aos aeroxeradores ZA-06 e ZA-07 non se poderá empregar o viario que discorre pola Necrópole de Ponte da Vila e do conxunto de Buxel. No caso de que a nova proposta afecte a elementos do patrimonio cultural, estes deben ser avaliados. A nova información pode ser remitida a modo de Anexo ao presente estudo patrimonial.
- Tendo en conta as medidas correctoras propostas no estudo patrimonial para os contornos de protección dos novos túmulos *Monte da Costa 1*, *Monte da Costa 2* e *Túmulo do Picoto* será necesario que, con carácter **previo ao inicio das obras**, se presente un proxecto de sondaxes

1. Conformado actualmente polas mámoas de *Mámoa de Ponte da Vila 1* **GA 36020022**, *Mámoa de Ponte da Vila 2* **GA 36020170**, *Mámoa de Ponte da Vila 3* **GA 36020171**, *Mámoa de Ponte da Vila 4* **GA 36020172**, *Mámoa de Ponte da Vila 5* **GA 36020173**, *Mámoa de Ponte da Vila 6* **GA 36020174** e *Mámoa de Ponte da Vila 7* **GA inédito**.

2. Conformado polos chamados *Sartegos de Buxel* **GA 3602025** e a *Mámoa de Buxel* **GA 36020214**.

3. Recordar neste senso que no ESIa e Proxecto Sectorial presentados analizábanse tres opcións e que se concluíra que a Alternativa nº 3 era a elixida.





arqueolóxicas manuais que permita comprobar a existencia/ausencia de restos arqueolóxicos. A intervención debe permitir analizar a estratigrafía tanto nas zonas previsiblemente alteradas como nas zonas aparentemente non alteradas, que poidan verse afectadas por movementos de terra vinculados a realización da infraestrutura eólica. O resultado desta intervención debe ser posto en coñecemento desta DXPC, como organismo competente na materia, que decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección antes do inicio das obras de construción.

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control e seguimento arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos elementos recollidos na *Memoria Avaliación de Impacto sobre o patrimonio cultural do PE Zamorra, agosto 2022*. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto de control arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar tódalas medidas correctoras xerais e específicas propostas na memoria presentada e aquelas outras que deriven das consideracións técnicas deste informe.
- Durante a fase de mantemento do parque, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. A área de cautela dos túmulos *Monte da Costa 1* e *Monte da Costa 1* atópase parcialmente dentro da área de afección do aeroxerador ZA-06, polo que calquera intervención (incluída a roza de maleza e corta de arborado) que se leve a cabo dentro da súa área de protección terá que ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- O EsIA deberá recoller na súa documentación tanto escrita como gráfica a nova alternativa proposta.
- Asemade o Proxecto Sectorial:
  - Deberá contar cun inventario dos bens patrimoniais afectados polo parque eólico. Este inventario recollerá, a modo de listado, tódolos elementos do patrimonio arqueolóxico recollidos no estudo patrimonial, nomeados segundo o *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia* e acompañados das coordenadas UTM segundo ETRS 89 Fuso 29.
  - A planimetría de clasificación urbanística proposta no proxecto sectorial corraxirá a localización errada dos xacementos arqueolóxicos segundo a información do estudo patrimonial presentado, incorporando tódolos elementos patrimoniais co seu contorno de protección.
  - O concello de Agolada deberá incluír no Catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística todos aqueles elementos do patrimonio cultural inéditos e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación. A espera das delimitacións de protección específicas, os contornos definiranse de acordo co art. 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, para os bens arqueolóxicos establecerase un contorno de protección subsidiario de 200 m medidos desde o vestixio máis exterior do ben.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio arqueolóxico. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas actualizadas e individualizadas daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se



pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

